

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLE NO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 27 DE XUÑO DE 2019.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20 horas e tres minutos do día vinteseite de xullo de 2019 reúnese en sesión extraordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, Don César Manuel Fernández Gil (PP), coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)
D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)
D^a. CRISTINA OTERO ALONSO (PSOE)
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE)
D^a. NOELIA RODRIGUEZ TRAVIESO (PSOE) .
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ(RBC)
D^a PAULA RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ (RBC)
D ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS (RBC)
D^a MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTEVEZ (BNG)

ASISTEN O SECRETARIO, FRANCISCO GASPAR FERNÁNDEZ CASTRO E O INTERVENTOR, DON VICENTE SOTO RODRÍGUEZ.

Alcalde.- Boas tardes a todas e todos. Imos dar comenzo á sesión extraordinaria do pleno de vinte sete de xuño de 2019 coa seguinte orde do día.

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CONSTITUTIVA DA CORPORACION CELEBRADA O PASADO 15 DE XUÑO.-

Coa corrección de que a promesa do cargo realizada pola concelleira do BNG dona María Teresa Rodríguez Estévez foi efectuada por imperativo legal , a acta queda aprobada por unanimidade.

2 .-PROPOSTA DE PERIODICIDADE DAS SESIONS ORDINARIAS DO PLENO.-

DASE LECTURA A PROPOSTA DE ALCALDÍA DA SEGUINTE LITERALIDADE:

"PROPOSTA DA ALCALDIA.-

O que asina, Alcalde-Presidente do Concello de Ribadavia, ten a honra de propoñer ó Pleno acade o seguinte acordo sobre a periodicidade das súas sesións ordinarias:

*Que se celebren os días **último xoves de cada mes**, coa excepción do mes de agosto, ás **20:00 h** tanto en horario de verán como de inverno , e, se o devandito día fose festivo, terá lugar no día hábil inmediatamente anterior .*

NEMBARGANTES, O PLENO, CO SEU SUPERIOR CRITERIO, ACADARÁ O ACORDO QUE ESTIME MÁIS AXEITADO".

ALCALDE.- SE SE QUERE DEBATIR ALGUNHA PROPOSTA, SE ALGÚN GRUPO QUERE UN TURNO DE INTERVENCIÓN.

SOMETIDA A VOTACIÓN A PROPOSTA FICA APROBADA POR UNANIMIDADE.

3.-PROPOSTA DE CREACION E COMPOSICION DE COMISIONS INFORMATIVAS PERMANENTES.-

DASE LECTURA A PROPOSTA DE ALCALDÍA DA SEGUINTE LITERALIDADE

PROPOSTA DE ALCALDÍA

O que asina, Alcalde-Presidente do Concello de Ribadavia, ten a honra de propoñer ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Constituí-las seguintes Comisións Informativas Permanentes, tendo en conta as grandes áreas nas que se desenvolve a actuación municipal:*

1.- COMISION ESPECIAL DE CONTAS E INFORMATIVA DE FACENDA, PROMOCIÓN ECONÓMICA E VITIVÍNÍCOLA E OBRAS.-

2.-COMISION DE SERVICIOS MUNICIPAIS (inclúe Limpeza, Abastecemento, Saneamento, Tráfico, Cemiterios, Abastos, Alumeado e Persoal), **MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE.-**

3.- COMISION DE POLÍTICA SOCIAL, SANIDADE E PARTICIPACION CIUDADANA (inclúe Igualdade e Muller).-

4.-. COMISION DE CULTURA , ENOTURISMO E TERMALISMO

SEGUNDO.- *Delega-la presidencia das devanditas Comisións Informativas nos seguintes Srs.Concelleiros, supeditado a súa ratificación pola Comisións Informativas correspondentes nas sesións constitutivas destas:*

1.- COMISION ESPECIAL DE CONTAS E INFORMATIVA DE FACENDA, PROMOCIÓN ECONÓMICA E VITIVINICOLA E OBRAS.- *Dona María Luz Expósito Pérez.*

2.-COMISION DE SERVICIOS MUNICIPAIS (inclúe Limpeza, Abastecemento, Saneamento, Tráfico, Cemiterios, Abastos, Alumeado e Persoal), **MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE.-** *Don Miguel García Domínguez.*

3.- COMISION DE POLÍTICA SOCIAL, SANIDADE E PARTICIPACION CIUDADANA (inclúe Igualdade e Muller) .- *Dona Clara Loeda Soto.*

4.-.COMISION DE CULTURA , ENOTURISMO E TERMALISMO- *Dona Yolanda Gómez Gómez.*

TERCEIRO.- *Que que a composición de cada unha das Comisións estea configurada do seguinte xeito: dous (2) membros do PP.;dous (2), do P.S.O.E. , un (1) de RIBEIRO EN COMÚN; un (1) do BNG , cun voto ponderado correlativo á representación no Pleno de PP (5), PSOE (4), RIBEIRO EN COMÚN (3) e BNG (1), coa posibilidade de que en caso de ausencia, calquera do Concelleiros integrantes do grupo poida substituír a calquera dos adscritos a respectiva comisión informativa.-“.*

ALCALDE.- ESTE TEMA FOI TRATADO NA XUNTA DE PORTAVOCES, SE ABRE UN TURNO DE DEBATE. SE TEN PRESENTADO UNHA PROPOSTA POR RIBEIRO EN COMÚN.

D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ (RBC).- *PRESENTAMOS ONTE UNHA PROPOSTA POR ESCRITO. NON ENTRAMOS NAS DENOMINACIÓNS DAS COMISIONS. RESPECTO AO PUNTO TERCEIRO DA PROPOSTA , NOS PODE SERVIR O VOTO PONDERADO, PERO PARTINDO DO VOTO PONDERADO, SERÍA MÁIS FIEL Á VONTADE DOS ELECTORES E A REPRESENTATIVIDADE DOS GRUPOS PRESENTES NA CORPORACIÓN QUE A COMPOSICIÓN DAS COMISIONS FOSE TRES MEMBROS DO PARTIDO POPULAR, 2 MEMBROS DO PSOE, DOUS MEMBROS DE RIBEIRO EN COMÚN E UN DO BNG, MANTENDO A PONDERACIÓN.*

Esta proposta ,dado o sistema de dietas, prácticamente non ten incidencia económica , é unha proposta comedida e máis fiel á vontade popular.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- A organización do concello a fai o goberno, xa se valorará se é boa ou mala.Non dista tanto da anterior, xa pasaremos por escrito o nome dos representantes. Botamos en falta a área de Deportes , aínda que haxa Consello Municipal de Deportes. Se o alcalde plantexa unha comisión cando haxa un tema importante o damos por bo.Para nos está ben a proposta en canto a número de membros, corresponde numericamente co pleno, non ten unha actuación de tanta transcendencia, simplemente ditamina; os acordos os toma o pleno.

Dª María Luz Expósito Pérez (PP).- Creemos que a mellor proposta é a do voto ponderado, é a que mellor representa ao pleno.En canto ao número de membros, o voto representa o número de concelleiros de cada grupo.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- A nosa proposta é rexeitada polo grupo de goberno e polo PSOE.
Alcalde.- Non se rexeita ningunha proposta. Enoturismo é unha aposta simbólica de este goberno, é un guiño na nomenclatura. Como o Temalismo é unha cuestión simbólica, vai a ser unha liña fundamental da acción de goberno.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado: votos a favor 5

(PP), abstencións 8: 4 (PSOE) 3 (RBC) 1 (BNG), fica aprobada.

Tras os escritos presentados polos grupos a composición definitiva das Comisións fica da seguinte maneira:

1.- COMISION ESPECIAL DE CONTAS E INFORMATIVA DE FACENDA, PROMOCIÓN ECONÓMICA E VITIVINÍCOLA E OBRAS.- Dª Mariluz Expósito Pérez, Don Miguel García Domínguez, D Manuel Vázquez López, Dona Cristina Otero Alonso,D Brais Fidalgo Martínez, Dª María Teresa Rodríguez Estevez.

2.-COMISION DE SERVICIOS MUNICIPAIS (inclúe Limpeza, Abastecemento, Saneamento, Tráfico, Cemiterios, Abastos, Alumeadado e Persoal), **MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE.**D Miguel García Domínguez, Dª Clara Loeda Soto, José Ignacio Gómez Pérez, Dª Cristina Otero Alonso,,D Enrique Rodríguez Alejos, Dª María Teresa Rodríguez Estévez.

3.- COMISION DE POLÍTICA SOCIAL, SANIDADE E PARTICIPACION CIUDADANA (inclúe Igualdade e Muller), Dª Clara Loeda Soto, Dª Mariluz Expósito

Pérez, Noelia Rodríguez Travieso, D Manuel Vázquez López, Dª Paula Rodríguez Domínguez.Dª María Teresa Rodríguez Estévez.

4.- COMISION DE CULTURA , ENOTURISMO E TERMALISMO Dona Yolanda Gómez Gómez, Dª Mariluz Expósito Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Dª Noelia Rodríguez Travieso, Dª Paula Rodríguez Domínguez, Dª María Teresa Rodríguez Estévez.

4 . - PROPOSTA DE RETRIBUCIONS E INDEMNIZACIONS DOS CORPORATIVOS . -

DASE LECTURA A PROPOSTA DE ALCALDÍA DA SEGUINTE LITERALIDADE

Faise a seguinte proposta de retribucións e indemnizacións dos cargos corporativos:

1.- Os cargos con adicación plena:

A) De conformidade co artigo 75.1 da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, , o Alcalde-Presidente do Concello, Don César Manuel Fernández Gil, desempeñará o seu cargo con adicación exclusiva percibindo unha retribución de 1881,79 euros brutas mensuais (14 pagas), incrementándose anualmente de acordo co incremento ao Índice de prezos ao consumo (IPC). Esta percepción será incompatible coas asignacións que no seu momento se fixarán para a totalidade dos membros da Corporación por asistencias, indemnizacións ou outras compensacións, pero non as que se deriven de gastos de viaxes ou desprazamentos.-

B) De conformidade co artigo 75.1 da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, un concelleiro do grupo de goberno que se determinará por resolución de alcaldía da que se dará conta ao pleno , desempeñará o seu cargo con dedicación exclusiva percibindo unha retribución de 1098 euros brutos mensuais (14 pagas), incrementándose anualmente de acordo co incremento no Índice de Prezos ao Consumo (IPC). Esta percepción será incompatible coas asignacións que no seu momento se fixarán para a totalidade dos membros da Corporación por asistencias, indemnizacións ou outras compensacións, pero non as que se deriven de gastos de viaxes ou desprazamentos.-

2.- De conformidade co establecido no artigo 75.2 da Lei 7/1985 para o resto dos membros da Corporación sen dedicación plena total establececese o seguinte réxime de indemnizacións: Presidente de Comisións Informativas (por sesión celebrada, unha por mes): 100 euros.- Pola asistencia ó Pleno Ordinario: 75 euros.- Pola asistencia ó resto dos órganos colexiados (Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xuntas de Voceiros): 15 euros por cada asistencia, fixándose un máximo de 8 asistencias mensuais.- Asignación a grupos municipais: 18,03 mensuais para cada grupo e 6,01 mensuais por cada un dos membros integrantes do grupo. As cantidades asignadas non poderán adicarse o pago de remuneracións de persoal de calquera tipo o servizo da Corporación ou a adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial, debendo todos os grupos a levar unha contabilidade específica da dotación concedida e poran a disposición do Pleno cando se lle pida.

Dª MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTEVEZ (BNG).- EN XUNTA DE PORTAVOCES XA MANIFESTAMOS QUE NOS PARECÍA BEN. EN PRINCIPIO NON HAI CAMBIO RESPECTO Á ANTERIOR LEXISLATURA , NON TEMOS NADA QUE OBXECTAR.

D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ (RBC).- NO ESCRITO QUE PRESENTOU RIBEIRO EN COMÚN O 26 DE XUÑO, RECLAMABAMOS , COMO FIXEMOS FAI CATRO ANOS, QUE O TRABALLO DE ALCALDE DE RIBADAVIA TEN QUE SER SÓ ALCALDE DE RIBADAVIA, SEN COMPAXINAR CON OUTRAS FUNCIÓNS; UNHA ADICACIÓN DE VINTE CATRO HORAS AO DÍA, TRESCENTOS SESENTA E CINCO DÍAS AO ANO.VOLVEMOS A FORMULAR A MESMA PROPOSTA, QUE O ALCALDE SE ADIQUE SÓ AO CONCELLO DE RIBADAVIA, AO MUNICIPAL, SEN BUSCAR OUTRAS ADICACIÓNS FORA DO MUNICIPAL.

D JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE).- NOS IMOS FACER UNHA OPOSICIÓN DURA, PERO SENSATA E COHERENTE. A PROPOSTA PRESENTADA NON CAMBIA NIN AS ADICACIÓNS NIN AS PERCEPCIÓNS ECONÓMICAS. ESTE CONCELLO SE PODE PERMITIR ESAS DÚAS ADICACIÓNS PERFECTAMENTE.O TEMA DOS SOLDOS SEMPRE CONLEVOU MALAS INTERPRETACIÓNS, MALAS INTENCIÓNS, NOS NESTE TEMA DECIMOS O MESMO QUE DECÍAMOS FAI DEZASEIS ANOS. A NOSA POSTURA NON CAMBIA EN FUNCIÓN DO LUGAR EN QUE NOS COLOCAN OS CIDADÁNS. AS ADICACIÓNS HAI QUE PAGALAS E DIGNIFICALAS. PERO, TAMÉN, QUE SE FAGA O TRABALLO QUE HAI QUE FACER.

DECIR NAS REDES SOCIAIS QUE O POBO LEVA DEZASEIS ANOS DE ATRASO, E QUE O POBO É CADA VEZ MÁIS POBRE, ESTÁ FORA DE TODA REALIDADE. OGALLÁ O PRÓXIMO ALCALDE NON ATOPE ESTA CASA COMO A ATOPAMOS NÓS. IMOS SER RESPETUOSOS COA ADICACIÓN DOS DEMAIS; IMOS A CONCEDER CEN DÍAS DE RESPECTO. FUIAMOS UN EXEMPLO DE TRASPASO DE PODERES, OFRECIMOS A NOSA COLABORACIÓN, NON O FIXERON CON NÓS CON ANTERIORIDADE.

Dª MARILUZ EXPÓSITO PÉREZ (PP).- SEMPRE DEFENDIMOS QUE XESTIONAR ESTE CONCELLO MERECEÍA E NECESITABA ESAS DÚAS ADICACIÓNS. SE PODE COMPATIBILIZAR SER ALCALDE ÁS VINTE CATRO HORAS DO DÍA CON ESTAR NA DEPUTACIÓN. O ALCALDE VAI A CUMPRIR AS SÚAS ADICACIÓNS.

D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ (RBC).- QUEREMOS SABER A RESPOSTA DO ALCALDE. ENTENDEMOS O QUE DÍ A PORTAVOZ DO GOBERNO. RIBEIRO EN COMÚN NON FALABA DE TEMPO DE ADICACIÓN, O ALCALDE SE TEN UN CARGO PARTIDISTA, COMO SER DEPUTADO PROVINCIAL DO PP, XA NON É UN ALCALDE DE TODOS E TODAS. É O QUE DIXEMOS FAI CATRO ANOS. NON SE PODE COMPAXINAR SER ALCALDE DE RIBADAVIA CON OUTRA ADICACIÓN PARTIDISTA. QUE SI SE COBRA DO CONCELLO SE ADIQUE AO CONCELLO.

ALCALDE.- XA ÍA A CONTESTAR. NESTA CUESTIÓN SE PARTE DUN ERRO DE BASE, SE FALA DE EXERCER UN CARGO PARTIDISTA, CANDO AO ESTAR NO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SE REPRESENTA A TODA A PROVINCIA. AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS NON SON DOS PARTIDOS. CANDO SE XURA O CARGO UN SE PÓN AO SERVIZO DE TODOS OS CIDADÁNS.

D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ (RBC).- O ELEXIU O SEU PARTIDO ,NON OS CIDADÁNS.

ALCALDE.- AS INSTITUCIÓNS SON DEMOCRÁTICAS, NON É PROBLEMA QUE CALQUERA CONCELEIRO EXERZA RESPONSABILIDADES EN OUTRAS ADMINISTRACIÓNS. DANDOLLE A VOLTA AO ARGUMENTO , SE NON HOUBESE NINGÚN CONCELEIRO DE RIBADAVIA NA DEPUTACIÓN SE DIRÍA QUE SOMOS IRRELEVANTES. É UNHA VENTAXA QUE HAXA REPRESENTANTES DE RIBADAVIA EN OUTRAS INSTITUCIÓNS.

SOMETIDA A VOTACIÓN A PROPOSTA OBTÉNSE O SEGUINTE RESULTADO: VOTOS A FAVOR 5 (PP), VOTOS EN CONTRA 3 (RBC) , ABSTENCIÓNS 5 4 (PSOE) 1 (BNG); FICA APROBADA.

5.-ELECCION DE REPRESENTANTES DESTA ENTIDADE LOCAL EN ORGANISMOS COLEXIADOS (FUNDACION VILA BALNEARIO DE PREXIGUEIRO, CONSELLOS ESCOLARES, ASOCIACION RUTAS DO VIÑO, MANCOMUNIDADE TURISTICA DOS CONCELLOS DE CARBALLIÑO, RIBADAVIA, LEIRO E BOBORAS, FUNDACION ASILO NOSA SEÑORA DOS ANXOS E RUTA DAS XUDERIAS) .

ALCALDE.- INDICAR QUE NA ORDE DO DÍA DO PLENO, NON FIGURA INCLUÍDA ACEVIN, QUE SEGUE EN FUNCIONAMENTO. DASE LECTURA A PROPOSTA DE ALCALDÍA DA SEGUINTE LITERALIDADE

- O que asina, Alcalde-Presidente do Itmo. Concello de Ribadavia, ten a honra de propoñer ó PLENO acade o acordo de nomeamento de representantes deste Concello en diversos Organismos:

FUNDACION VILA BALNEARIO DE PREXIGUEIRO: Alcalde, membro nato, un representante do PP, un representante do PSOE, un representante de RBC, que rotaría coa concelleira do BNG un ano. A concelleira do BNG pode asistir ás reunións con voz e sen voto.

CONSELLOS ESCOLARES:

I.E.S. "O Ribeiro": dona Yolanda Gómez Gómez.
I.E.S. "Abrente": dona Yolanda Gómez Gómez.
C.P.I. "Tomas del Lemos": dona Yolanda Gómez Gómez.
C.R.A "Amencer": dona Yolanda Gómez Gómez.

ASOCIACION RUTAS DO VIÑO, dona María Luz Expósito Pérez.

MANCOMUNIDADE TURISTICA DOS CONCELLOS DE CARBALLIÑO, RIBADAVIA, LEIRO E BOBORAS: Alcalde, un representante do PSOE, un representante de RBC que rotaría coa concelleira do BNG un ano de lexislatura.

FUNDACION ASILO NOSA SEÑORA DOS ANXOS: Membro nato Alcalde de Ribadavia, dona Clara Loeda Soto, un representante do PSOE, un representante de RBC, dona María Teresa Rodríguez Estévez.(BNG).

ACEVIN: dona María Luz Expósito Pérez.

ESCOLA INFANTIL A GALIÑA AZUL: Alcalde e dona Yolanda Gómez Gómez.

RED DE XUDERIAS DE ESPAÑA: Alcalde e dona Yolanda Gómez Gómez.

Nembargantes, o Pleno, co seu superior criterio, acadará o acordo que coide máis axeitado.

Dona María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Como xa se indicou na Xunta de Portavoces ao BNG lle gustaría estar presente en todos estes órganos. Habería que cambiar os Estatutos.RBC propuso unha alternativa, non vemos sentido a ester presentes o penúltimo ano, tería que ser o primeiro ou o último, o penúltimo parece que rompe. Respecto aos consellos escolares lle pido á concelleira que asista e que lle preste atención. O ano pasado no IES houbo moitos problemas.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- RBC xa manifestou na Xunta de Portavoces que se puxeran os mecanismos para que todos os grupos estivesen representados na Fundación Vila Balneario de Prexigueiro, e que se actuase con dilixencia para solventar o tema. Respecto á alternancia co BNG, non hai problema en que a alternancia sexa o último ano de lexislatura.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Entendo que os nomes concretos se pueden dar a posteriori. O Grupo Socialista foi xeneroso na anterior lexislatura , todos os grupos tiveron voz.

Estamos de acordo en modificar os Estatutos, e en que o BNG esté presente aínda que non teña voto. Non imos a ser impedimento.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Estamos de acordo en que se modifiquen os Estatutos para que o BNG poida estar presente , e , que entretanto, esté presente con voz e sen voto.

Alcalde.- A proposta xa inclúe a presenza do BNG. Por escrito dirixido ao alcalde cada grupo debe nomear aos seus representantes.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, seis votos a prol :5 (PP), 1 (BNG) e 7 abstencións , 4 (PSOE) , 3 (RBC), fica aprobada.

TRAS OS ESCRITOS PRESENTADOS POLOS GRUPOS A REPRESENTACIÓN MUNICIPAL NOS ORGANISMOS PENDENTES DA POSTERIOR PRESENTACIÓN DOS REPRESENTANTES POLOS GRUPOS, FICA DA SEGUINTE MANEIRA:

FUNDACION VILA BALNEARIO DE PREXIGUEIRO: Alcalde, membro nato don César Manuel Fernández Gil, un representante do PP(D Miguel García Domínguez), un representante do PSOE(don José Ignacio Gómez Pérez) , un representante de RBC (don Brais Fidalgo Martínez) , que rotaría coa concelleira do BNG un ano. A concelleira do BNG pode asistir ás reunións con voz e sen voto.

MANCOMUNIDADE TURISTICA DOS CONCELLOS DE CARBALLIÑO, RIBADAVIA, LEIRO E BOBORAS: Alcalde D César Manuel Fernández Gil, D Manuel Vázquez López (PSOE), D^a Paula Rodríguez Domínguez (RBC) que rotaría coa concelleira do BNG un ano de lexislatura.

FUNDACION ASILO NOSA SEÑORA DOS ANXOS: Membro nato Alcalde de Ribadavia,D César Manuel Fernández Gil, dona Clara Loeda Soto(PP), D^a Noelia Rodríguez Travieso(PSOE), D Brais Fidalgo Martínez (RBC), dona María Teresa Rodríguez Estévez.(BNG).

6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SOBRE NOMEAMENTOS DE

TENENTES DE ALCALDE, DELEGACIONS A CONCELLEIROS, MEMBROS DA XUNTA DE

**GOBERNO LOCAL E DELEGACION DE COMPETENCIAS DA ALCALDIA NA XUNTA DE
GOBERNO LOCAL.-**

DASE CONTA DOS SEGUINTE DECRETOS DE ALCALDÍA:

-Resolucion de Alcaldía de data 17 de xuño de 2019

DON CÉSAR MANUEL FERNÁNDEZ GIL, ALCALDE DO CONCELLO DE RIBADAVIA, de acordo co contido do artigo 23.3 da Lei de Bases de Réxime Local, Lei 7/1985, e artigo 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de Novembro de 1986, Resolvo

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde, ós seguintes señores Concelleiros:

1º Tenente de Alcalde: Don Miguel García Domínguez.

2º Tenente de Alcalde: Dona Maria Luz Expósito Pérez.

SEGUNDO.- Da presente Resolución darase conta o Pleno na primeira sesión que se celebre, notificando personalmente os nomeados e publicándose no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte o da presente Resolución.

**ASÍ O MANDA E ASINA O SR. ALCALDE, EN RIBADAVIA O DÍA DEZASETE
DE XUÑO DE DOUS MIL DEZANOVE**

-RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 17 DE XUÑO DE 2019.

DON CÉSAR MANUEL FERNÁNDEZ GIL, ALCALDE DO CONCELLO DE RIBADAVIA, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 23 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local de 2 de abril de 1985 e polo artigo 52 do ROF de 28 de Novembro de 1986, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Que a Xunta de Goberno Local, presidida por esta Alcaldía, estará integrada por catro Concelleiros, número de Concelleiros non superior o tercio do número legal de membros da Corporación e que a continuación se indican:

Don Miguel García Domínguez, Dona María Luz Expósito Pérez, Dona Yolanda Gómez Gómez e dona Clara Loeda Soto..

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local, celebrará sesión constitutiva o día 18 de xuño as 9 horas e quince minutos, de conformidade co disposto no artigo 112-1 do ROF.

TERCEIRO.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre e notificar persoalmente ós designados publicando esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da efectividade destes nomeamento dende o día seguinte a sinatura desta Resolución.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde, en Ribadavia o día dezasete de xuño do dous mil dezanove..-

-RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 17 DE XUÑO DE 2019.

De acordo coas disposicións legais en materia do Réxime Local, artigos 21.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local e 43 do R.D. 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización,

Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e independentemente da asistencia permanente ó Alcalde no exercicio das súas atribucións, esta Alcaldía ten a ben conferi-las seguintes atribucións a prol da Xunta de Goberno Local:

- 1.1.- O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado.
- 1.2.- O recoñecemento e liquidación de obrigas por gastos realizados a excepción dos seguintes:
 - 1.2.1.- As que se refiran ó pagamento de nóminas de persoal, pensións, contribucións, administración e cobranza de exaccións, pagamento de amortización e intereses de préstamos, anuncios, suscripcións, material de oficina, mantemento de equipos e programas informáticos, Seguridade Social, cargas, taxas e impostos doutras administracións.
 - 1.2.2.- As motivadas por indemnizacións e gastos a membros corporativos no exercicio das súas funcións, correspondencia postal, telegráfica e telefónica.
 - 1.2.3.- As motivadas por gastos de locomoción de corporativos e funcionarios.
 - 1.2.4.- As motivadas por obras, servizos, subministros ou de asistencia, sempre que non excedan de 6.010,12 euros.
- 1.3.- A sanción de faltas de desobediencia á autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, excepto nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.
- 1.4.- A competencia como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de suministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% por cento dos recursos ordinarios do orzamento, nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando su duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas engadidas sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non supere nin o porcentaxe indicado, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio , nin a contía sinalada.
- 1.5.- A competencia para a celebración de contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere o porcentaxe nin a contía indicados.
- 1.6.- A concesión de licencias urbanísticas de obras maiores que precisen proxecto técnico, así coma de fin de obra e de ocupación de edificios.
- 1.7.- A emisión de informes urbanísticos nos términos establecidos na lexislación vixente.
- 1.8.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e esten previstos no presuposto. O coñecemento e aprobación de certificacións de obra.
- 1.9.- A aprobación da oferta de emprego público de acordo co Presuposto e plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas de selección de persoal e para

os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír a retribucións que non sexan fixas e periódicas.

1.10.- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuído o Pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización.

1.11.- O outorgamento das licenzas ,salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao pleno..

1.12.- A concesión e solicitude de toda clase de axudas e subvencións, cuxa contía exceda de 3.005,06 euros.

1.13.- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas o Pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización.

1.14.- As demais que a lexislación do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia asignen ó municipio e non atribúan a outros órganos municipais, sempre que a Alcaldía os someta ó exame, deliberación e decisión da Xunta de Goberno Lcoal mediante a súa inclusión na Orde do Día da respectiva sesión.

ASÍ O MANDA E ASINA O SR. ALCALDE, EN RIBADAVIA O DÍA DEZASETE DE XUÑO DO DOUS MIL DEZANOVE

-RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 24 DE XUÑO DE 2019.

Vistos os artigos 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , acordo:

-Delegar a facultade de dirixir e xestionar os servizos de Cultura, Enoturismo e Termalismo , excluindo a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, na concelleira dona Yolanda Gómez Gómez.

O presente Decreto surtirá efectos dende o día seguinte a súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Así decreta e asina o Sr Alcalde- Presidente con data de 24 de xuño de 2019 do que como secretario dou fe.

-RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 24 DE XUÑO DE 2019.

Vistos os artigos 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , acordo:

-Delegar a facultade de dirixir e xestionar os servizos de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras , excluindo a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, na concelleira dona María Luz Expósito Pérez.

O presente Decreto surtirá efectos dende o día seguinte a súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Así decreta e asina o Sr Alcalde- Presidente con data de 24 de xuño de 2019 do que como secretario dou fe.

-RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 24 DE XUÑO DE 2019.

Vistos os artigos 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , acordo:

-Delegar a facultade de dirixir e xestionar os servizos de Política Social , Sanidade e Participación Ciudadana (inclúe Igualdade e Muller) , excluindo a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, na concelleira dona Clara Loeda Soto.

O presente Decreto surtirá efectos dende o día seguinte a súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Así decreta e asina o Sr Alcalde- Presidente con data de 24 de xuño de 2019 do que como secretario dou fe.

Resolución de Alcaldía de data 24 de xuño de 2019

Vistos os artigos 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , acordo:

-Delegar a facultade de dirixir e xestionar os Servizos Municipais (inclúe Limpeza, Abastecemento, Saneamento,Tráfico, Cemiterios, Abastos; Alumeado e Persoal) , Medio Rural e Medio Ambiente , excluindo a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros no concelleiro don Miguel García Domínguez.

O presente Decreto surtirá efectos dende o día seguinte a súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Así decreta e asina o Sr Alcalde- Presidente con data de 24 de xuño de 2019 do que como secretario dou fe.

7.- DAR CONTA DA CONSTITUCION DE GRUPOS MUNICIPAIS E NOMEAMENTO DE VOCEIROS.-

Dase conta polo Sr Alcalde de que por escrito presentado no rexistro de entrada do concello ao abeiro dos artigos 23 e seguintes do Regulamento de Organización,Funcionamento e Réxime

Xurídico das Entidades Locais tense constituído os seguintes grupos políticos municipais e nomeado os seguintes voceiros para a lexislatura que se inicia:

Grupo municipal do Partido Popular :

Don César Manuel Fernández Gil, Don Miguel García Domínguez, dona María Luz Expósito Pérez, dona Clara Loeda Soto, dona Yolanda Gómez Gómez.

Voceiro titular :D^a Mariluz Expósito Pérez.

Suplente :Miguel García Domínguez.

Grupo municipal do PSG- PSOE:

Don José Ignacio Gómez Pérez, dona Cristina Otero Alonso, don Manuel Vázquez López, dona Noelia Rodríguez Travieso.

Voceiro titular Don José Ignacio Gómez Pérez.

Primeiro suplente; D^a Cristina Otero Alonso.

Segundo suplente: D Manuel Vázquez López

Terceiro suplente: D^a Noelia Rodríguez Travieso

Grupo Municipal de Ribeiro en Común:

D Brais Fidalgo Martínez, dona Paula Rodríguez Domínguez, don Enrique Rodríguez Alejos.

Voceiro titular: Brais Fidalgo Martínez.

Primeiro Suplente: Paula Rodríguez Domínguez.

Segundo Suplente : D Enrique Rodríguez Alejos.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego:

Dona María Teresa Rodríguez Estévez.

E sendo as oito horas e corenta e dous minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde-Presidente agradecendo a todos o seu traballo levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.

ALCALDE

SECRETARIO